

# APERTURA DO PRAZO PARA EMITIR AS VOTACIÓNS

O prazo estará aberto ata as 11:00 horas do 13/02/2023

Outorga un "me gusta" ou me "encanta". Tamén podes dar o teu voto a través de mensaxería whatsapp de NovasLaxe ó 657 771 006



"Dillo ben bonito.

O amor prémíase en Laxe

8 Dedicatorias Premiadas  
8 Noites de aloxamento con almuerzo  
para 2 persoas" **PARA AS MÁIS VOTADAS**



CABANAS NA AREA // HOTEL O NÁUTICO DE LAXE  
HOTEL RÚSTICO DA TORRE // CASA RURAL DE ARRUEIRO  
HOTEL PRAIA DE LAXE // HOTEL MAR DE LAXE  
APARTAMENTO TURÍSTICO OS BATÁNS // HOSPEDAXE RESIDENCIA BAHÍA

Bases e máis información en:  
[www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com)



ORGANIZA:  
Concello de Laxe



## O SINO DUNHA ESTRELA (QUE NOS UNE)

E de entre todas as posibles cartas, a túa; nobre signo de terra, bautizado na primavera, con rarezas herdadas do teu sangue no outono; precisamente ti, fillo de Venus, exaltado baixo a lúa chea. Supoño que naquela tarde de outubro sentírame atraída polo brillo do teu ollar, dun ollar que non dirixiras cara a min, pois imaxino que nin terías reparado na miña presenza. Parecía sincera, honesta, namentres mecías no teu regazo aquel libro de cubertas brancas con portada dun solpor, cun feixe de paniculata por marcapáxinas, e o tempo marcado pola música que soaba a través dos teus auriculares.

Venceume a tentación, e acerqueime a ti coa absurda e arquetípica escusa de andar a buscar unha dirección, e ao levantar os ollos da pantalla do teu teléfono tras reducir o volume, puiden ver o título da canción que estaba viaxando á túa mente. Eran as 10:10, hora anxo asignada pola tradición ao amor, mais preferín non darlle demasiada importancia. Musitei un “grazas”, e desexeiche boa lectura, ante o que respondiches “*cargada de metáforas que namoran*”. Sorrín e emprendín meu camiño en sentido oposto ao que ti seguías, metín a man no peto, e despreguei un en branco. Para escribirche esta carta.

Pois se todo elemento do noso mundo procedeu algún día dun abstracto de masa cósmica, segura estou de atopar en ti os átomos da estrela que faltaban aos meus para iluminar o ceo nocturno; xa que en cada sorriso furtivo que me roubaches, comprendín que as caricias que hoxe estremecen a nosa pel, en verdade, namoráranse anos luz atrás, pero non nos decatáramos ata que o Sino nos fixo saber que a túa alma e a miña son unha soa.

E daquel libro que lías... escribira eu cada páxina; e naquela canción que escoitabas... inspirárase seu título.

O SINO DUNHA ESTRELA (QUE NOS UNE)

FDO. PANDORA



Concello de Laxe





### Os amantes escondidos

*Como non aproveitar esta data de "San Valentín", ou como nos gusta máis dicir a nós Día dos Namorados, para poder mostrarche o meu amor.*

*Pecho os ollos e desde esta cama recordo todo o vivido dende que nos coñecemos, e que seguro son só uns anaquiños no longo percorrido que vai ser a nosa historia de amor.*

*Recordo o primeiro día, aquela esquina, o primeiro bico a escondidas, xa non eramos novizos pero sei que os meus beizos che deixaron un arrecendo que facía moito que non sentías.*

*Tamén recordo tantas postas de sol o teu lado na Praia dos Cristais !!!  
O mar que tantas ledicias nos da mollaba os nosos pés, e esa praia de cores que o sol amosaba máis fermosa que nunca (sí, ti tamén estabas moi . . . todo).*

*Que fácil foi entendernos e deixarnos ir, deixar que medraran os nosos sentimentos co paso do tempo, e aínda que nestes derradeiros meses e por culpa deste virus non poidamos pasar tantas horas dándonos calor, si notamos a sensación de que o noso amor, aínda que sexa a distancia, segue medrando.*

*Sei o que son para ti e sei o que vas ser para min nos anos que vamos compartir o noso amor, e espero que as lagoas que poidan mollar as túas meixelas sexan de alegría e nunca de dor.*

*Tesme que perdoar xa que vou deixar de pensar en ti uns intres, acaba de entrar a enfermeira, e como ti ben sabes, ultimamente é a muller que máis horas pasa comigo (ha, ha, ha).*

*Quérote como nunca quixen e podo dicir sen equivocarme que todo o amor recibido nestes anos que levamos xuntos supera a calquera historia de amor antes pensada e escrita.*

*Bico miña amada.*





### **Amor de verán**

Foi un amor de verán,  
mais aconteceu no inverno;  
foi un amor moi fugaz,  
mais antollóuseme eterno.

Fascinoume o teu sorriso,  
seducíume a túa mirada  
e aprendéronme os teus beizos  
a sentirme desexada.

Fíxente protagonista  
de calquera fantasía,  
dos meus máis húmidos soños,  
pola noite e polo día.

As túas mans eran capaces  
de facerme enlouquecer  
e arríncabame a túa lingua  
mil xemidos de pracer.

Neses ardentes encontros  
cando a cidade durmía,  
entre sabas de algodón,  
ti baixabas, eu subía.

Esas noites de paixón  
entre saliva e suor  
puideron ser o escenario  
da nosa historia de amor.

Pero deixei marchar  
polo medo que sentía,  
porque nunca, xamáis puiden  
dicirche que te quería.

**Bulebule**



*Concello de Laxe*





### **“UN NOVO ESPERTAR”**

*Coñecerte...*

*Non foi sen tempo rapaz, tras tanto agardar;  
Como faro que alumea a espera de axudar a voltar,  
moi pretiño do mar.*

*Semellaba un bonito despertar  
algo difícil de expresar...*

*Que fermoso bicar despois de namorar tan cerquiña do meu lar,  
Na beiriña dese mar que tantas veces me viu chorar.*

*Máis agora,  
tras verte zarpar xa só queda ollar, ceo e mar.  
Naquel mesmo lugar  
esperarte voltar ou o mellor olvidar...  
aqueles bicos de rapaz.*

**“A ESPERA”**

**Xesta Moura**



Concello de Laxe





## CON FORZA

Respira lento, pisa con forza,  
sente desde dentro. Acouga.

Mira ao louxe, cólleo con forza,  
pensa en frío. Escota.

Regala tempo, ri con forza,  
disfruta o momento. Loita.

Quérea ben, ámaa con forza,  
dille o que sntes. É agora!

- Con forza (título)
- Allerton (pseudónimo).





## A MIÑA HISTORIA

Foi un 19 de Marzo, data ben sinalada no almanaque. No aire xa comenzaba o arrecendo da primavera e a luz do sol xa sinalaba que quedaba atrás un longo inverno.

Eu corría para chegar a tempo a traballar e ó lonxe vin a túa figura, un porte elegante que me chamou ben a atención.

Cruzámonos e tamén se cruzaron as nosas miradas, un calafrío percorreu o meu corpo e souben que eras ti a persona elixida para min.

E así foi. O meu compañeiro durante anos, o meu mellor amigo, o meu apoio, o pai dos meus fillos, a persoa que me entendía con só mirarme, a que me arrincaba un sorriso nos meus días máis amargos e a que compartiu comigo a maior parte da miña vida.

Agora toca despedirse. Todo o que comenza nalgún momento ten que rematar.

Gracias a ti souben o que era amar e ser amada e só podo dicir que foi un pracer conocerche.

Só quero quedarme co bo na miña memoria, o resto non merece a pena.

Grazas por todo e sé feliz.

## A MIÑA HISTORIA



Concello de Laxe





### CONTIGO MEU AMOR

Contigo meu amor,  
tería tres pitiñas,  
e un galo que o solpor,  
nos cantase adiviñas.

Contigo meu amor,  
tería unha vaquiña  
e co leite que nos dese  
mercaría unha galiña.

Contigo meu amor,  
plantaría as pataquiñas,  
a nosa horta a mellor  
de toda esta voltiña.

Contigo meu amor,  
tería dúas sardiñas,  
un calamar dun color,  
e unha faneca ben feitiña.

Contigo meu amor,  
pan e ceboliña,  
quérote máis ca un churrasco,  
¡Dí que SI!, miña vidiña.

**A SARDIÑA DO MONTE**



Concello de Laxe







### COMO DOE A TÚA FALTA

*Camiño senlleiro, sen ti ao meu lado  
O corazón triste, cheo de dor  
Por a lembranza do teu amor  
Que agora xa é pasado*

*Atorméntanme a saudade  
E os recordos que me fan dano  
Dos momentos felices de antano  
Só quedan tristura e soidade*

*Ai amor, como doe a túa falta  
Como pesa a túa ausencia  
Como boura con violencia  
Esta amargura que me mata*

*A túa luz alumou a miña vida  
Agora a escuridade envólveme a razón  
Porque sen ti ao meu carón  
Non sei curar esta ferida*

*Échenseme os ollos de bágoas  
Co baleiro da desolación  
Xa perdín toda a ilusión  
Nada me alivia esta mágoa*

*Ai amor, como doe a túa falta  
Como pesa a túa ausencia  
Como boura con violencia  
Esta amargura que me mata*

### **COMO DOE A TÚA FALTA**

*Ulex Europaeus*



*Concello de Laxe*





## AMOR

Cando era nena. sentada no regazo da miña nai, eu víate pasar. Ti eras o sol da mañá, o calor das tardiñas. Ti eras o meu alento e o meu espertar.

Cando era nena, agarrada da man da miña nai, eu víate pasar. Ti eras aquel vento que xogaba cos meus cabelos e me aloumiñaba as meixelas ao camiñar.

Porque, Amor, dende nena, xa sabía que te ía atopar. Es sol. Es vento: Dozura e liberdade.

Hoxe sei, e querocho dicir: non hai un antes nin un despois. Entre nós existe un SEMPRE que o invade todo. Iso é o noso amor.

MÚSICA.



Concello de Laxe





## BÓTOCHE DE MENOS

Que frase tan potente e de cantas maneiras se pode decir sen pronunciala.

Podemos botar de menos a alguén porque está lexos, porque unha relación rematou ou porque as circunstancias nos superaron.

Botar de menos é un sentimento puro, sinxelo e fermoso.. moi fermoso.

Significa que necesitamos a presenza de aquela persoa, porque nos fai sentir ben.

Por momentos e necesario separarnos de esas personas, para decatarnos do importantes que son para nos, da moita falta que nos fan.

Botar de menos é sentir, é querer pero sobretudo é sinal de que algo nos fixo felices.

Pétalos no mar



Concello de Laxe





## A SORTE DE COÑECERTE

Eu podería comparar o amor co voo dunha bolboreta: libre. Porque en iso consiste querer e que te queiran, en sentir liberdade e ao mesmo tempo seguridade e confianza.

Cando unha persoa consegue namorarse, o mundo torna de cores preciosas e sentes a ilusión como cando un neno ou unha nena abre un agasallo, esa sorpresa e curiosidade do que atoparás no seu interior. Empezas a descubrir un mundo novo e vas poñendo a flor de pel sentimentos novos que fan moi feliz as persoas que deciden comezar xuntos a aventura.

Os primeiros momentos son os máis máxicos sen dúbida, son aqueles nos que se comparte un espazo e onde o ambiente xira arredor das ganas de coñecerse de forma mutua.

Cando a conexión está feita, a partir deste momento todo comeza a fluír e estando xuntos crece a maxia dos momentos vividos e das experiencias que sempre recordarás.

Nese intre descubres o teu maior descubrimento de ti mesmo ou mesma e da persoa coa que compartes a vida e que fortuna que sexa así.

LÍABRANCA



Concello de Laxe





## ESTRELLAS

Y cuando le pregunté en aquella azotea,  
coronada de diez mil estrellas.

¿Habrías imaginado veinte años atrás?

¿Desde el otro lado del mar, estar hoy aquí?

Y él me respondió; No imaginé dónde estaría,  
¡Pero sí sabía, con quien! ... Simplemente morí.

## ESTRELLAS

FIAMA.



Concello de Laxe





## EUCALIPTO

Cada vez que te vexo, plantas en min una semente. Pequena, moi miúda, queda anclada nas miñas entrañas. Ao pasar as horas, van medrando as súas raíces. Ao finalizar o día, chegan as súas follas ao meu peito, que me comeza a apretar. Calada e as escuras doulle permiso aos meus ollos para soltar un par de bágoas, que continuarán os seguintes días. Regando a túa planta. Choro polo que foi, polo que fumos e polo que nunca máis seremos. Choro porque verte recórdame o ben que estabamos e que xa non estamos. Choro porque me engano dicíndome a min mesma, que xa non eres a persoa que eras, e por iso non estás comigo. Pero véxote e decátome da miña mentira, porque ahí siguen os teus xestos, a túa forma de falar... simplemente xa non os compartes comigo. Non che quero mentir, quérote con loucura, pero eu creo que non me queres, ou polo menos non me queres ben. Vas e ves. Volves aparecer e trátasme como se non pasaras os anos, as historias e a vida por nós. Por unas horas créome cerca de ti. Pero deben ser os 30, que me dou conta de que non, que non estou cerca de ti, que non pode ser, que me fas máis mal que ben.

Por omisión, ti deixachesme a min e eu nunca o superei; machacándome por anos sen saber por qué. Máis, aínda que isto cheira a desamor... non o é. Quérote con locura, desexoché TODO o mellor. Agora deixote eu a ti, non porque non te queira, non sen darche explicacións. Deixote, porque non me fas ben.

Isto é unha declaración de amor, porque aos meus case 31, decidín quererme máis e mellor a min, e que outros enchan de flores o meu xardín.

## FISIOQUEEN



Concello de Laxe





“O AMOR NON É SEMPRE ROSA, VAI CAMBIANDO DE COR”

Recordo a túa mirada profunda, esa que me namorou a primeira vez.

Recordo ese aroma doce e penetrante que tanto me atraía.

Recordo ese sorriso cautivador que os meus ollos facían brillar.

Recordos eses abrazos envolventes que me transportaban a un mundo atemporal.

Recordo esas caricias apaixonadas que me facían estremecer.

Recordo cada minuto que pasamos xuntos. O meu mellor regalo, o teu tempo, ese que me brindaches de forma desinteresada.

Recordos...con eles intento encher o meu baleiro interior. Fixeches que o meu mundo esté cheo de momentos inolvidables, eses que intento lembrar cada día, a cada momento. Foi moi difícil despedirme de ti pero...o amor nunca morre.

“O AMOR NON É SEMPRE ROSA, VAI CAMBIANDO DE COR”

*Mar en calma*



*Concello de Laxe*





*Dende a concellaría, animamos a que os criterios que guíen as vosas votacións para elixir as dedicatorias gañadoras desta nova edición, sexan e estean baseados na súa:*

*ORIXINALIDADE,*

*CALIDADE DA REDACCIÓN,*

*PRESENTACIÓN,*

*FERMOSURA*

*e DELICADEZA,*

*mantendo a imparcialidade no tocante á identidade da persoa autora das mesmas*

***Grazas polas vosas participacións***



*Concellaría delegada de comercio,  
hostalaría, turismo e cultura*



Concello de Laxe

